



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 3 DE XULLO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Proxecto de Lei de servizos sociais de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se crea o Consello Asesor para a integración da discapacidade na función pública galega
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de Ouro á Editorial Galaxia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do tramo sobrante da estrada PO-905 (Vila de Cruces-PO-206- Lim. Prov.- Arzúa- N-547) que atravesa o núcleo de Vila de Cruces, que sae do PQ 0+000 DA PO-905 e chega ao PQ 1+430 da PO-905, e ten unha lonxitude de 1.400 metros a favor do Concello de Vila de Cruces



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza o sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do Plan estratéxico galego da infancia e da adolescencia e se autoriza un anticipo de pagamentos superior ao 10% no momento da súa sinatura

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Coordinadora Galega de Organizacións non Governamentais para o Desenvolvemento, para a execución do proxecto: "Liñas estratéxicas de Coordinadora Galega de ONGD 2008-2009. Proxecto de fortalecemento do sector de cooperación ao desenvolvemento galego"

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o convenio entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (Instituto de Maiores e Servizos Sociais- Imserso) e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, para o desenvolvemento dun programa de accesibilidade nas liñas regulares de autobuses interurbanos

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se lle autoriza á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da orde pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de dez bolsas de colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico, que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)
- Acordo polo que se aproba e autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a preparación das propostas de novos plans de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o desenvolvemento dos programas de acompañamento escolar e apoio a centro do programa PROA, para o ano 2008



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para a subministración eléctrica ao polígono do Acevedo (Cerceda)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do proxecto: Unidades de investigación intensiva

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o acordo sobre as condicións de traballo de persoal laboral pertencente ás categorías de encargados de equipamentos mecánicos, oficiais 1ª condutores e oficiais 1ª mecánicos que prestan servizos no Servizo Provincial de Defensa contra Incendios Forestais

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, *Universal*, FREMAP, e *Galega de Accidentes de Traballo*, para a constitución e acreditación dunha unidade docente na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de formar médicos especialistas en medicina do traballo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional sexta ao concerto con data do 1 de marzo de 2004, establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, pola que se fixan as tarifas e os obxectivos de mellora do proceso asistencial para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional 7ª do concerto con data do 1 de marzo de 2004, establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, pola que se establecen as condicións de facturación dos programas especiais farmacoterapéuticos para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional primeira ao concerto con data do 1 de setembro de 2007, establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital da Cruz Vermella, pola que se fixan os conceptos facturables, as tarifas, e os programas de calidade para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago para o desenvolvemento dun modelo co que simular o comportamento dunha pandemia de gripe en Galicia e para analizar as posibilidades das infeccións de transmisión sexual en Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Xunta de Galicia co concello de Vilaboa para a execución da obra “Convenio MAPA. Ampliación do saneamento en Vilaboa. Vilaboa (Pontevedra)”, por importe de 280.801,63 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Xunta de Galicia co concello de Cotobade para a execución da obra “Convenio MAPA. Abastecemento a diversos núcleos do concello de Cotobade. Cotobade (Pontevedra)”, por importe de 241.147,06 euros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, sobre actuacións da Dirección Xeral para a Biodiversidade en materia de Rede Natura 2000
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para a construción en Ourense dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia e a Rede Natura 2000



A XUNTA APROBA O PROXECTO DA LEI GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS, CO OBXECTIVO DE SUPERAR A VISIÓN ASISTENCIAL DESTES SERVIZOS PARA CONVERTELOS NUN DEREITO DA CIDADANÍA

- ***A norma recolle a creación da tarxeta social galega, o expediente único e o profesional de referencia, instrumentos equiparables á tarxeta sanitaria, ao historial clínico e ao médico de cabeceira no sistema de saúde***
- ***A nova norma regula a participación da iniciativa social e de entidades privadas na xestión dos servizos sociais, desde o punto de vista da súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais***
- ***Crea os órganos consultivos e de participación como canles para garantir un espazo de diálogo institucional cos axentes sociais***
- ***Recolle un catálogo de servizos, que será esixible como dereito por parte da cidadanía, asegurando así o seu benestar***
- ***Establece as “áreas sociais” como unidades territoriais de referencia á hora de planificar os servizos sociais, de xeito que se garanta unha distribución equilibrada dos recursos e a igualdade de oportunidades no acceso a eles***
- ***Estipula a obrigatoriedade de que os orzamentos anuais do Goberno galego e das administracións locais incorporen as correspondentes previsións para atender as necesidades dos servizos, programas e prestacións***
- ***Establece un réxime de sancións pola comisión de infraccións que prevé multas de ata 600.000 euros no caso das moi graves***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei galega de servizos sociais, o marco normativo a partir do que se vai desenvolver o Sistema Galego do Benestar. Con esta nova normativa, o Goberno galego pretende superar a visión asistencial dos servizos sociais que ata agora existía no noso país, permitindo que os servizos sociais deixen de ser algo asistencial e conxuntural para converterse nun dereito da cidadanía.

Coa nova norma, pasarase polo tanto do vello modelo asistencialista cara a un novo modelo de xestión do benestar, caracterizado pola universalización, pola xestión innovadora, preventiva e integral, e polo impulso da autonomía, a inclusión social, a dignificación das persoas e o recoñecemento dos seus dereitos.

A futura Lei galega de servizos sociais vai asegurar, ademais, o carácter transversal dos servizos sociais en Galicia, xa que servirá para organizar o espazo socisanitario, o espazo socioeducativo e o espazo sociolaboral. Establece un catálogo de servizos, que será exixible como dereito por parte da cidadanía, asegurando así o seu benestar. Para iso, a norma dótase de distintos instrumentos, como a tarxeta social galega, unha figura similar á actual tarxeta sanitaria, o expediente único e o profesional de referencia, o equivalente á historia clínica e ao médico de cabeceira para os asuntos sociais.

A nova Lei de servizos sociais establece, ademais, mecanismos de control e participación coa creación do Consello Galego de Benestar. Salienta, tamén, o amplo proceso



participativo para a elaboración desta norma, para o que a Secretaría Xeral de Benestar mantivo un constante diálogo e participación coas asociacións e entidades do sector.

Estrutura da lei

A lei estrutúrase nun título preliminar e dez títulos, seis disposicións adicionais e tres transitorias, ademais dunha disposición pola que se derroga a Lei 4/1993, de servizos sociais, catro artigos da Lei 9/1991, de medidas básicas para a inserción social e todas aquelas normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao establecido no presente proxecto de lei. Así mesmo, establece a obriga de que no prazo máximo dun ano desde a súa entrada en vigor, a Xunta proceda á revisión da regulación legal da renda de integración social de Galicia elaborando un novo proxecto de lei para a súa remisión ao Parlamento.

No que atinxe á estrutura da lei, o título preliminar contén as disposicións de carácter xeral e establece o seu obxecto. Nel defínese o sistema galego de servizos sociais como o integrado polo conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública como de titularidade privada acreditados e concertados pola administración nos termos establecidos na presente lei, así como os seus obxectivos e os principios xerais polos que este se debe rexer.

Inclúese tamén neste título a delimitación de quen é, con carácter xeral, titular do dereito de acceso aos servizos sociais, así como o conxunto dos dereitos e deberes das persoas usuarias en relación cos servizos e prestacións do sistema.

Deste xeito, establécese que poderán acceder ao sistema galego de servizos sociais todos os cidadáns dos estados membros da Unión Europea empadroados nun concello de Galicia; os galegos residentes fóra de Galicia e a súa descendencia cando, estando necesitados de atención, lles sirva de medio para o seu retorno definitivo; e tamén os inmigrantes empadroados en calquera concello de Galicia e todas aquelas persoas que, sen estaren nos supostos anteriores, se atoparen en estado de necesidade ou situación de emerxencia social ou humanitaria, de acordo co establecido na lexislación vixente en materia de estranxeiría e demais tratados internacionais.

Estrutura do sistema

O título primeiro divídese en tres capítulos, relativos ao sistema galego de servizos sociais, nos que se determina a súa estrutura, funcións, intervencións, programas, servizos e prestacións, así como os aspectos básicos do equipo de profesionais dos servizos sociais.

No capítulo I estrutúrase o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, consonte dous niveis de atención, diferenciándose os servizos comunitarios, que comprenden, á súa vez, dúas modalidades -básicos e específicos-, e os servizos sociais especializados, sinalando as funcións correspondentes a cada un deles. Neste capítulo incorpórase a tarxeta social galega, que deberá facilitar a continuidade e coherencia do itinerario de intervención social.



O capítulo II define o catálogo de servizos sociais e regula as intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema galego de servizos sociais.

Por último, o capítulo III recolle a configuración do equipo profesional dos servizos sociais, incorporando a figura do profesional de referencia coa finalidade de dotar da máxima coherencia o itinerario de intervencións.

Xestión dos servizos

O título II atinxe á xestión dos servizos sociais. Nel faise referencia ás entidades prestadoras de servizos sociais e regúlase a participación da iniciativa social –sen ánimo de lucro- e de entidades privadas de carácter mercantil na xestión dos servizos sociais, sempre desde o punto de vista da súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais.

Finalmente, autorízase a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais, co fin de que a través dela se propicie unha xestión máis áxil e eficiente no marco das funcións fixadas neste proxecto de lei. Os obxectivos da Axencia serán acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na súa xestión e prestación; velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais; xestionar equipamentos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica; e coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmulas de coordinación ou cooperación que permitan unha utilización óptima e racional dos recursos.

Órganos consultivos e de participación

O título III fai referencia aos órganos consultivos e de participación, regulando o Consello Galego de Benestar Social e a creación no seu seo do Observatorio Galego de Servizos Sociais, así como a constitución dunha Mesa Galega de Servizos Sociais que garanta un espazo de diálogo institucional cos axentes sociais.

O Consello dará acollida á Xunta de Galicia, a Fegamp, organizacións empresariais, centrais sindicais e organizacións profesionais agrarias máis representativas, colexios profesionais, universidades, asociacións de usuarios e entidades prestadoras de servizos sociais. Entre as súas funcións figurará a avaliación das políticas de servizos sociais ou emitir informe sobre os proxectos de planificación e programación e a normativa nesta materia, entre outras. O Observatorio nace como un sistema de información permanente sobre a situación dos servizos sociais en Galicia, polo que presentará con carácter anual informes de conxuntura social. A Mesa será o órgano específico de participación institucional dos axentes sociais para o deseño das políticas públicas no eido dos servizos sociais



Planificación do sistema de servizos sociais

A planificación do sistema de servizos sociais é o obxecto do título IV, en que se introduce a previsión da existencia de áreas sociais como unidades territoriais de referencia para a planificación dos servizos sociais, de forma que se garanta unha distribución equilibrada dos recursos e a igualdade de oportunidades no acceso a eles. De feito, prevese a aprobación do mapa galego de servizos sociais, en que se definirán as áreas sociais e se establecerán os criterios de dotación de centros e de servizos no territorio de Galicia.

O instrumento máis relevante de planificación é o Plan estratéxico de servizos sociais – que se elaborará cada seis anos-, que poderá ser complementado e desenvolvido en forma de plans e programas sectoriais que deberán conter as especificacións mínimas fixadas na lei, entre as que figuran a análise das necesidades e da demanda social que motiva o plan; definición dos obxectivos de cobertura e establecemento de períodos temporais para a súa consecución; tipificación e distribución territorial dos recursos necesarios para lograr os obxectivos ou criterios de seguimento, aplicación e avaliación do plan, entre outros.

Calidade do sistema de servizos sociais

Pola súa banda, o título V regula o sistema de calidade do sistema galego de servizos sociais. A calidade configúrase no proxecto de lei como un principio reitor do sistema e, ademais, como un dereito das persoas. O sistema de calidade terá que tomar como referente o nivel de satisfacción e as necesidades das persoas en relación co sistema galego de servizos sociais e, no marco do plan estratéxico de servizos sociais, desenvolverase un plan de calidade que deberá definir os obxectivos esenciais, os indicadores e estándares de referencia e os mecanismos de seguimento e control.

Financiamento do sistema

O Título VI, relativo ao financiamento do sistema galego de servizos sociais, centra a súa atención nas previsións orzamentarias do Goberno galego e da Administración Local, coas especificidades derivadas das competencias atribuídas a cada unha delas. Establécese como obriga que os orzamentos anuais de cada exercicio incorporen as correspondentes previsións para atender as necesidades dos servizos, programas e prestacións previstos no Plan Estratéxico de Servizos Sociais para cada exercicio orzamentario. Así mesmo, estipúlase que a atribución ás entidades locais de competencias de titularidade autonómica nesta materia deberá ir acompañada da transferencia de medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o seu adecuado exercicio.

Abórdase tamén neste título a contribución das persoas usuarias ao custo dos servizos mediante o aboamento de prezos públicos, sen prexuízo da aplicación de criterios de progresividade, pero sen que iso poida supoñer, en ningún caso, que queden excluídas de recibir un servizo por insuficiencia de medios económicos. Conclúe este título previndo a posibilidade de participación de entidades privadas no financiamento dos servizos sociais.



Atribución de competencias

O título VII desta lei ocúpase da atribución de competencias ás administracións públicas de Galicia en materia de servizos sociais, estruturándose en dous niveis: Xunta de Galicia e entidades locais, que deberán actuar conforme os principios de coordinación e cooperación. Este título divídese en dous capítulos, estando o primeiro deles dedicado ás disposicións xerais en materia de atribución de competencias e o segundo a regular as competencias das administracións públicas.

No que se refire ás competencias dos concellos fíxanse uns servizos sociais mínimos que deberán quedar garantidos por todos os concellos e a posibilidade de que poidan desenvolver actividades municipais complementarias doutras administracións públicas. Finalmente establécese a creación dunha Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais coa finalidade de coordinar as actuacións dos distintos departamentos do Goberno galego que incidan na mellora do benestar da cidadanía galega.

Control e garantía pública

O título VIII ocúpase dos mecanismos de control e garantía pública do sistema galego de servizos sociais. Para iso divídese en dous capítulos, estando o primeiro deles dedicado ao réxime de rexistro, autorización administrativa e acreditación de entidades, centros, servizos ou programas e o segundo á regulación da función inspectora.

Os títulos IX e X regulan de modo exhaustivo o réxime de infraccións e sancións en materia de servizos sociais, diferenciando un réxime xeral e outro específico de infraccións e sancións para as persoas usuarias, dada a especial posición na que se atopan dentro do sistema galego de servizos sociais. En diferentes capítulos regúlanse as disposicións xerais de cada réxime sancionador e o catálogo correspondente de infraccións e sancións, así como o procedemento administrativo, con expresa remisión á regulación contida no título IX da Lei 30/92, do 26 de novembro, e ao seu desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, prevéndose a adopción de medidas provisionais necesarias para asegurar a eficacia da resolucións sancionadoras que puideran ditarse, así como o destino do importe das sancións impostas á mellora dos servizos sociais

As infraccións quedan divididas en leves, graves e moi graves. As primeiras sancionaranse con multas de entre 1000 e 3000 euros; as segundas, con multas de entre 3001 e 15000 euros e as últimas, con multas de entre 15001 e 600000 euros. As sancións graves e moi graves poderán levar como accesorias:

- Prohibición de acceder ao financiamento público da Xunta de Galicia durante un período de entre un e cinco anos, en relación co centro, servizo ou programa sancionado.
- Inhabilitación para o desenvolvemento de funcións ou actividades similares, ata un prazo máximo de cinco anos.
- A suspensión da actividade ou o peche temporal, total ou parcial, por un período máximo de cinco anos.



- O cesamento definitivo do servizo ou programa ou o peche definitivo do centro, xa sexa total ou parcial.

Cando o beneficio económico que resulte da comisión dunha infracción tipificada no proxecto de lei sexa superior á sanción pecuniaria que corresponda, esta poderá incrementarse na contía equivalente ao beneficio obtido.

No caso de que a infracción cometida derive do incumprimento da normativa vixente en materia de prezos, a resolución sancionatoria poderá incluír un pronunciamento sobre a procedencia de indemnizar as persoas usuarias por unha contía equivalente ao importe das cantidades percibidas indebidamente.



A XUNTA CREA O CONSELLO ASESOR PARA A INTEGRACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA FUNCIÓN PÚBLICA GALEGA

- ***Estudará e promoverá iniciativas para acadar unha inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na Administración autonómica***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Consello asesor para a integración da discapacidade na función pública galega como órgano técnico, de asesoramento e participación. A súa finalidade será estudar e promover as iniciativas que se desenvolvan para acadar unha inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na Administración autonómica. O Consello quedará adscrito á Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Este organismo desempeñará as súas funcións en distintos eidos. Así, no relativo á oferta de emprego público (OPE), deberá informar previamente sobre as convocatorias no relativo á determinación de prazas vacantes que estean incluídas na OPE e configuren as quendas de reserva para persoas con discapacidade; propoñer medidas alternativas no cómputo destas cotas para permitir unha oferta diferenciada por grupos de discapacidade; e informar sobre os criterios e distribución das prazas da cota de discapacidade.

En materia de selección e provisión, corresponderá ao Consello Asesor a elaboración e proposta da normativa reguladora do acceso das persoas con discapacidade á Administración autonómica; o asesoramento para o establecemento dos criterios básicos para as adaptacións de probas e criterios de avaliación; informar preceptivamente sobre as convocatorias de procesos selectivos específicos pola cota reservada a persoas con discapacidade; propoñer criterios de xestión das listas de espera e bolsas de traballo aplicables a estas persoas; e debater e elevar aos órganos competentes as medidas que se consideren convenientes para garantir o principio de igualdade no seu acceso aos postos públicos.

No que se refire á integración laboral, o Consello terá entre as súas competencias propoñer á Administración un catálogo de categorías, corpos ou agrupacións profesionais idóneos para a adscrición de persoas con discapacidade; propoñer criterios de accesibilidade e adaptación de postos de traballo; asesorar os órganos administrativos para a utilización do Plan de formación como medio de difusión entre os empregados públicos dunha cultura orientada a favorecer a promoción da igualdade de oportunidades; propoñer a cota de reserva para persoas con discapacidade nos cursos do Plan anual de formación; e propoñer cursos de formación destinados unicamente a persoas con discapacidade e programas de formación dirixidos ás que superaron o proceso selectivo e que serán impartidos con carácter previo á súa incorporación para facilitar a súa integración.

En materia de colaboración coas entidades que desenvolven as súas actividades no ámbito das persoas con discapacidade, propoñerá acordos ou convenios de colaboración



entre a Administración e as organizacións que desenvolvan prioritariamente as súas actividades neste eido. Por último, en materia de estudos e planificación, o Consello promoverá accións de sensibilización do persoal da Administración autonómica sobre a integración sociolaboral das persoas con discapacidade; fará un seguimento das accións levadas a cabo pola Administración na materia; elaborará un informe anual de avaliación xeral dos resultados acadados en canto á incorporación deste colectivo á función pública; propondrá a realización de estudos específicos sobre o desenvolvemento do seu acceso á función pública; e asesorará a Consellería de Presidencia en aquelas materias que afecten a incorporación das persoas con discapacidade á función pública.

Composición

O Consello asesor para a integración da discapacidade na función pública galega estará composto por un presidente –o conselleiro de Presidencia-, un vicepresidente –o director xeral de Función Pública- e un secretario –o subdirector xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal-, que terá voz pero non voto. Nel actuarán como vogais os secretarios xerais da Consellería de Presidencia, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, da Consellería de Traballo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Consellería de Sanidade, da Consellería do Medio Rural e da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; o director xeral de Acción Social; os subdirectores xerais de Discapacidade, Xestión, Programación e Ordenación de Persoal e de Réxime Xurídico e Relacións Laborais; un representante do departamento autonómico competente en materia de igualdade; un representante por cada unha das organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma; e cinco representantes, un por cada grupo de discapacidade –física, intelectual, auditiva, visual e enfermidade mental- designados polo presidente por proposta do Comité Español de Representantes de Minusválidos (CERMI) Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA

- ***Entre os seus fins atópase o de fomentar e promover o progreso da bioloxía, así como o desenvolvemento técnico e científico da profesión, da solidariedade profesional e do servizo da profesión á sociedade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, que ten como fins o ordenamento do exercicio da profesión do biólogo en todas as súas formas e especialidades, a representación exclusiva desta e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados; a promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión; a colaboración cos poderes públicos na consecución dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos na Constitución; e fomentar e promover o progreso da bioloxía, así como o desenvolvemento técnico e científico da profesión, da solidariedade profesional e do servizo da profesión á sociedade.

Para o cumprimento destes fins, o Colexio exercerá unha serie de funcións entre as que se atopan: facilitar aos seus colexiados o exercicio da profesión; asumir a representación da bioloxía profesional galega no eido estatal e internacional; ordenar no seu ámbito competencial o exercicio profesional; administrar a economía colexial; organizar actividades de perfeccionamento e actualización da actividade profesional dos colexiados; elaborar normas deontolóxicas; defender os dereitos dos colexiados; adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional; establecer baremos de honorarios profesionais orientativos; e velar pola correcta difusión dos avances significativos da bioloxía.

Exercicio da profesión

O texto establece que a profesión de biólogo se pode exercer de maneira liberal, individual ou asociadamente, en relación laboral con calquera empresa pública ou privada ou, se procede, mediante relación suxeita a dereito administrativo. Ademais os estatutos tamén recoñecen que o exercicio da profesión se basea na independencia de criterio profesional, sen límites ilexítimos ou arbitrarios no desenvolvemento do traballo e no servizo á comunidade.

Visado de traballos profesionais

Os estatutos recollen o visado como un acto colexial de control da actividade profesional dos seus afiliados que supón a acreditación da condición de colexiado do autor dun proxecto; da súa capacidade técnica corporativa, legal e deontolóxica; da vixilancia do réxime de incompatibilidades e da aparencia de corrección legal do proxecto que se vai visar. O colexiado será responsable do contido e oportunidade do traballo e estará sometido ás normas e requisitos que serán establecidos pola Xunta Xeral, por proposta da Xunta de Goberno e logo de información colexial.



Colexiación

Segundo o texto, teñen dereito a incorporarse ao Colexio os licenciados en bioloxía ou que acrediten estar en posesión dos títulos oficiais que se homologan a esta licenciatura. Tamén poderán incorporarse ao Colexio aqueles licenciados e doutores en ciencias naturais que teñan sido membros de asociacións de licenciados en ciencias biolóxicas, ou estean integrados nas seccións profesionais de biólogos dos Ilustres Colexios Oficiais de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras en Ciencias.

Os estatutos dispoñen que a incorporación ao Colexio é requisito obrigatorio para o exercicio da profesión de biólogo, sen prexuízo do dereito á libre sindicación. Sen embargo, os funcionarios e o persoal laboral das administracións públicas en Galicia non necesitarán estar colexiados para o exercicio das súas funcións administrativas, nin para a realización das actividades propias dunha profesión por conta daquelas, cando o destinatario inmediato destas actividades sexa a Administración.

Os colexiados inscritos noutros colexios oficiais de biólogos que ocasionalmente exerzan na profesión de biólogo en Galicia terán que comunicar, a través do Colexio onde estean inscritos, as actuacións que teñan que realizar en Galicia co fin de estar sometidos ás condicións colexiais do galego.

Dereitos e deberes

O decreto hoxe aprobado recolle o catálogo de dereitos e deberes dos colexiados así como os órganos de goberno e representación do Colexio, que son a Xunta Xeral, a Xunta de Goberno e o decano.



A EDITORIAL GALAXIA RECIBE A MEDALLA DE OURO DE GALICIA, A MÁXIMA DISTINCIÓN DO GOBERNO GALEGO

- ***A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 25 de xullo nun acto solemne***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a concesión da Medalla de Ouro de Galicia á Editorial Galaxia pola súa contribución á cultura galega e a defensa dos intereses de Galicia.

A Editorial Galaxia fundouse o 25 de xullo de 1950 no bodegón do hotel Compostela, en Santiago, baixo a Presidencia de Ramón Otero Pedrayo e coa presenza de insignes galeguistas como Manuel Gómez Román, secretario do Partido Galeguista. Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto foron as tres personalidades que dende o primeiro momento orientaron a editorial, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura galega, durante a ditadura franquista.

A vocación do proxecto era recuperar para a lingua galega a súa significación histórica e o seu valor cultural tanto na creación como na transmisión do pensamento.

O primeiro libro publicado pola editorial foi *Antífona da cantiga* (1951), de Ramón Cabanillas.

Simultaneamente ao labor de edición de libros, Galaxia comezou en 1951 a publicar unha revista cultural, os Cadernos Grial, que pronto foi prohibida e non volveu circular ata 1963.

Así mesmo, a editorial propulsou a creación de varias fundacións culturais, como a Fundación Penzol, a Fundación Otero Pedrayo ou a Fundación Illa Couto e revistas, como entre 1958 e 1968, a Revista de Economía de Galicia.

En 1985, Carlos Casares asumiu a dirección da editorial e promoveu un importante proceso de actualización e modernización da mesma. Impulsouse o deseño, a colección de literatura infantil e xuvenil, Árbore e Costa Oeste, a edición de obras de ensaio, dicionarios e gramáticas e material escolar. A Biblioteca Básica da Cultura Galega reuniu en 51 títulos o máis granado da historia e da cultura de Galicia.



Cinquenta e oito anos despois da súa fundación, a Editorial Galaxia, con case 2.500 volumes editados e un catálogo vivo de arredor dun milleiro de títulos, constitúe a referencia histórica da edición en lingua galega. No seu catálogo figuran os autores máis significativos das letras galegas, como Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Castelao, Vicente Risco, Ánxel Fole, Florentino López Cuevillas, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas, Marina Mayoral, Xosé Luis Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Carlos Casares... xunto con autores máis modernos, pertencentes ás sucesivas xeracións que se foron incorporando á creación en lingua galega, entre os que hoxe figuran Manuel Rivas, Paco Martín, Xavier Alcalá, Miguel Anxo Murado, Fina Casalderrey, María do Cebreiro, Anxos Sumai, ou Yolanda Castaño, entre outros.

A editorial ten promovido tamén un importante número de traducións desde o ano 2000, que superan xa os 130 exemplares, entre outros idiomas, ao castelán, o inglés, o vasco, o catalán, o alemán, o francés, o italiano, o grego ou o ruso, contribuindo tamén deste xeito a espallar o coñecemento da creación cultural galega alén das nosas fronteiras.

Desde a morte de Carlos Casares no ano 2002, a Editorial Galaxia ten como director a Víctor Fernández Freixanes.



A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES A TITULARIDADE DO TREITO SOBRANTE DA ESTRADA PO-905 AO SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DO CONCELLO

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade a favor do Concello de Vila de Cruces do treito sobrance da estrada Vila de Cruces-Arzúa (PO-905) que atravesa o núcleo urbano do concello e que ten unha lonxitude de 1400 metros.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas autonómicas ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas.

Neste caso, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes estima que o treito obxecto de transferencia reúne algunha destas características netamente urbanas.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e co acordo do Concello de Vila de Cruces, que, a partir da formalización da entrega, deberá ocuparse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito.

O Decreto surtirá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



A XUNTA E CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR COLABORARÁN NA APLICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO GALEGO DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración que subscribirán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do Plan Estratéxico Galego da Infancia e da Adolescencia, para o que se destinará un orzamento de un millón de euros.

A través deste acordo regularase o marco de cooperación entre a Vicepresidencia e o Consorcio para o desenvolvemento dunha rede coordinada de equipos de inclusión sociolaboral de menores e mozos e accións complementarias de orientación, alfabetización, formación, intermediación laboral, sensibilización social e de acompañamento para a súa inserción social.

Segundo este convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar procederá a diferentes actuacións. A primeira delas, a contratación do persoal para complementar os 16 equipos de inclusión sociolaboral que traballan especificamente na inclusión sociolaboral de menores e mozos en toda Galicia. Estes profesionais terán como obxectivo promover a inserción social laboral de menores en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de talleres e itinerarios individualizados e integrais de inserción.

A segunda actuación que se desenvolverá ao abeiro deste convenio corresponde ás actuacións de formación, mellora da empregabilidade e acompañamento social, que posibiliten e reforcen os itinerarios personalizados de inclusión. En terceiro lugar, segundo o recollido no convenio, tamén se porán en marcha actuacións de sensibilización social sobre a problemática de exclusión e de especialización profesional do persoal implicado no desenvolvemento do Plan.

Plan Estratéxico

No Plan Estratéxico Galego da Infancia e Adolescencia son destinatarios os menores ou mozos beneficiarios de accións de inserción sociolaboral deseñadas polos equipos de inclusión. Son mozos ou menores que se atopan en situación ou risco de exclusión social e con especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo. Os servizos sociais de atención primaria actuarán como instancia habitual de derivación dos usuarios ao correspondente equipo de inclusión social.



A XUNTA DESTINA 180.000 EUROS AO PROXECTO “LIÑAS ESTRATÉXICAS DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD 2008-2009”, PARA APOIAR O TRABALLO TÉCNICO, OPERATIVO E DE INCIDENCIA DAS ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS

- ***Con respecto a 2005, a contía destinada a esta finalidade incrementouse nun 157 por cento, pasando de 35.000 euros hai tres anos aos 180.000 actuais***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación e Exterior, e a Coordinadora Galega de ONGD, para achegar un total de 180.000 euros a financiar o proxecto Liñas estratéxicas da Coordinadora de ONGD 2008-2009, dirixido a favorecer o traballo técnico e operativo deste sector. A contía destinada a esta fin supón un incremento do 157% con respecto aos 35.000 euros investidos no ano 2005.

Con esta medida, búscase darlle pulo á capacitación, á presenza social, e á procura de sinerxías entre as organizacións integradas na Coordinadora Galega de ONGD para acadar os obxectivos do vixente Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009. Nel recóllese como meta esencial o “fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación”, co fin último de aumentar a incidencia da cooperación galega na loita contra a pobreza.

En coincidencia con estes parámetros, o proxecto “Liñas estratéxicas da Coordinadora Galega de ONGD” propón entre outras, o desenvolvemento dun completo programa de formación para as 45 organizacións da Coordinadora, destinado a mellorar a preparación dunhas 200 persoas no deseño de proxectos, xestión da calidade, captación de financiamento e comunicación social.

Tamén permitirá a contratación de persoal técnico especializado en xestión de entidades non lucrativas, que se dedicarán a fortalecer as comisións de traballo da Coordinadora en materias como xénero, educación para o desenvolvemento ou comercio xusto; mais a mellorar os labores de planificación, seguimento e avaliación das actuacións do sector das ONGD galegas.



O GOBERNO GALEGO E O MINISTERIO DE EDUCACIÓN COLABORAN PARA ADAPTAR O TRANSPORTE PÚBLICO ÁS DEMANDAS DOS COLECTIVOS CON MOBILIDADE REDUCIDA

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio para que o transporte interurbano incorpore os elementos necesarios que garantan a accesibilidade ás persoas maiores ou con algunha discapacidade***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte –a través do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, Imserso- que ten por obxecto desenvolver durante o ano 2008 actuacións para a mellora da accesibilidade aos autobuses interurbanos das persoas maiores ou con discapacidade.

A Consellería de Política Territorial e máis o Ministerio de Educación queren deste xeito dar resposta ás demandas das persoas con mobilidade reducida, persoas maiores e discapacitados, que precisan de actuacións que impulsen a adaptación do transporte público ás súas necesidades para mellorar a súa calidade de vida e avanzar cara á igualdade de oportunidades e á non-discriminación.

O financiamento das actuacións alcanzará os 986.000 euros, que serán achegadas a partes iguais pola CPTOPT e máis o Imserso co obxectivo de promover a adquisición de vehículos accesibles ou a instalación nestes de plataformas de accesibilidade. Segundo o convenio que se asinará proximamente, a Consellería de Política Territorial convocará unha liña de axudas dirixida ás empresas interesadas en substituír ou ampliar a súa frota actual de transporte con vehículos plenamente accesibles.

En xeral, as solucións de accesibilidade financiadas están destinadas a vehículos de capacidade superior a nove prazas, incluído o condutor, que deberán ter acceso sen que exista ningún chanzo en polo menos dúas das súas portas de servizo. Así mesmo, o 35 por cento da superficie destinada a pasaxeiros de pé debe ser cha.

A futura liña de axudas conterà todas as condicións básicas de accesibilidade que deberán incorporar os vehículos obxecto de subvención. Nela destacaranse aspectos básicos para garantir o acceso aos autobuses así como a mobilidade no interior do mesmo. Neste senso, quedan fixadas cuestións como a altura do autobús, a obrigatoriedade de dispor dunha rampla motorizada ou elevador e sistema de inclinación (“kneeling”), as dimensións da superficie libre de asentos para poder aloxar pasaxeiros en cadeira de rodas, o largo das portas de acceso dos usuarios e que o piso do vehículo sexa antiesvaradío e antireflectante, entre outros. Respecto ás condicións de viaxe, os vehículos obxecto de subvención deberán instalar barras laterais para permitir a suxeición do pasaxeiro, terán dispositivos para confirmar a solicitude de parada tanto de forma sonora como visual e os interruptores de solicitude de parada deberán estar en lugares accesibles e poidan ser activados coa palma da man. Entre outras cuestións, os autobuses adaptados tamén deberán incorporar, ademais, polo menos dous asentos



sinalizados próximos ás portas reservados a discapacitados que non usen cadeira de rodas e indicarán tamén a acepción a bordo de cans guía para invidentes

As empresas concesionarias que reciban as axudas e subvencións que se prevén no convenio comprometeranse a manter os vehículos subvencionados durante un período mínimo de cinco anos exclusivamente ao servizo da concesión.



A XUNTA FINANCIA DIVERSOS PROXECTOS DE MUSEÍSMO PEDAGÓXICO NO MUPEGA CUNHA ACHEGA DE MÁIS DE 100.000 EUROS

- ***A Consellería de Educación convocará dez bolsas de investigación e colaboración en distintas iniciativas cunha asignación mensual individual de 900 euros***

O Consello da Xunta vén de autorizar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a asunción de compromisos de carácter plurianual derivados da Orde pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de dez bolsas de investigación colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), situado en Santiago de Compostela.

A Administración educativa investirá un total de 110.880 euros nestas axudas, distribuído este importe en dúas anualidades. Así, a Consellería convocará, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, dez bolsas cunha asignación mensual individual de 900 euros e unha cobertura médica e seguro combinado de accidentes cun curso previsto de 24 euros ao mes por cada bolseiro.

A duración da bolsa será de 12 meses, comprendidos entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de setembro de 2009, e poderase prorrogar ata un máximo total de tres anos. Para poder optar a estas axudas, os solicitantes deben posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea; estar en posesión da titulación académica que en cada proxecto se require; contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,5000; coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento e das linguas inglesa e francesa a nivel medio; e ter participado como mínimo nun proxecto de investigación de temática similar aos convocados dunha duración mínima de tres meses.

Os proxectos para os que se convocan as bolsas de colaboración son de catro tipos. Para o primeiro, que leva por título *Sociedades de instrución e escolas emigrantes*, convócanse dúas bolsas destinadas a licenciados en Pedagogía. Ademais, a Consellería de Educación financiará o proxecto *Da lei Villar Palasí* á actualidade convocando tres axudas dirixidas a licenciados en Pedagogía.

Os licenciados en Comunicación Audiovisual e en Pedagogía poden optar ás dúas bolsas de investigación e colaboración que a Administración educativa vai convocar para participar no proxecto *Materiais didácticos e plataforma on-line*. Por último, o departamento educativo galego fomentará o desenvolvemento do proxecto Posta en valor do patrimonio histórico educativo con tres axudas destinadas aos licenciados en Biblioteconomía e Documentación, Historia ou Historia da Arte, e aos titulados superiores en Restauración e Conservación de bens culturais.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA MÁIS DE 466.000 EUROS ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA A ADAPTACIÓN AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

- ***A Administración educativa destina 165.000 euros á Universidade de Santiago de Compostela, 151.000 á Universidade da Coruña, e 150.000 á Universidade de Vigo***
- ***As universidades galegas ofertarán o próximo curso os primeiros 5 títulos de grao adaptados a Europa, e trabállase na implantación de 75 máis para o 2009-2010***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a preparación das propostas de novos plans de estudo no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Así, o importe do convenio ascende a 466.839 euros, dos cales un total de 165.056,48 corresponderán á Universidade de Santiago de Compostela (USC); 151.737,80 á Universidade de A Coruña (UDC); e 150.044,72 á Universidade de Vigo (UVIGO).

No convenio fíxase que as actividades realizadas polas universidades do Sistema Universitario de Galicia deberán ser efectuadas polo órgano competente de cada universidade e contribuír á elaboración das propostas dos novos plans de estudo de cada universidade. Así mesmo, as universidades quedarán obrigadas a realizar as actividades que fundamentan a concesión desta axuda, sen que caiba ningún cambio ou modificación do obxecto ou finalidade para a que se concedeu.

O convenio establece que as actividades que vai realizar cada universidade recollerán como liñas prioritarias de actuación a localización e análise de referentes externos á universidade que avalen a adecuación das propostas a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas, así como as consultas externas para a elaboración do plan de estudos con profesionais, asociacións ou colexios profesionais, estudantes ou outros colectivos.

Outras das liñas son o deseño de sistemas de avaliación das competencias dos estudantes; de sistemas de información previa á matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e á titulación; de sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados; do sistema propio da universidade para transferencia e recoñecemento de créditos, de prácticas externas e a súa avaliación; e de sistemas de garantía de calidade aplicable á titulación. Tamén a elaboración e análise de indicadores de graduación, abandono e eficiencia das actuais titulacións, co obxectivo de establecer valores estimados para os novos plans de estudo. O convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2008.



5 novos títulos

As universidades galegas ofertarán o vindeiro curso 2008-2009 un total de 5 novos títulos de grao adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, que serán os primeiros que se porán en marcha na Comunidade galega.

Estes cinco títulos que son, pola Universidade de Santiago de Compostela, Matemáticas e Ciencia Política e da Administración; pola Universidade da Coruña, Socioloxía e Terapia Ocupacional; e pola Universidade de Vigo, Belas Artes; obtiveron verificación positiva do Consello de Universidades e posteriormente recibiron informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o pasado 13 de xuño. Así mesmo, as universidades galegas xa están a traballar na adaptación de 75 titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior (EES) para o curso 2009-2010



O GOBERNO GALEGO DESTINA 6 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR OS ÍNDICES DE ÉXITO ESCOLAR DO ALUMNADO MEDIANTE O PROGRAMA PROA

- ***Un total de 157 centros de primaria e secundaria desenvolven esta iniciativa en virtude dun convenio entre o Ministerio de Educación e a Administración educativa galega***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento dos programas de acompañamento escolar e apoio a centros do programa PROA, para o ano 2008. Así, as administracións central e autonómica investirán nesta anualidade un total de 6.057.516 euros nesta iniciativa, destinando cada unha das partes o 50% do total (3.028.758 euros).

Na Comunidade galega son un total de 157 centros os que levan a cabo estes programas, dos cales 77 desenvolven o programa de acompañamento en primaria, 40 o de acompañamento en secundaria, e 40 o de apoio e reforzo en secundaria.

Deste xeito, a Administración educativa autonómica continúa o desenvolvemento deste programa, posto en marcha por primeira vez en 2005 froito do convenio asinado o 1 de decembro dese ano entre o entón Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así, desde entón puxéronse en marcha actuacións encamiñadas a mellorar os índices de éxito escolar en centros de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria (ESO), baixo o nome de PROA.

Durante o primeiro curso de aplicación do programa PROA foron 40 os centros participantes (20 de primaria e 20 de secundaria), aumentando a 36 centros máis no curso 2006/07 (18 de primaria e 18 de secundaria). Xa no ano académico 2007/08 desenvolveron este programa 157 centros galegos, e está previsto que para o próximo curso 2008/09 sexan tamén 157 os centros participantes.

Este programa conta con dous tipos de actuación: de acompañamento e de apoio e reforzo. A de acompañamento implica atención ao alumnado con dificultades de acadar os obxectivos previstos de forma xeral, fóra do horario escolar, en pequenos grupos e durante, polo menos, catro horas por semana; e vai dirixida a alumnado de centros públicos de educación primaria e de ESO. Ademais das actividades lectivas de atención directa ao alumnado, os centros participantes reciben un suplemento na dotación de recursos para o seu funcionamento e facer fronte á adquisición de materiais precisos para esta actuación.

Pola súa banda, a través da actuación de apoio e reforzo, dirixida a centros de ESO, preténdese mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe mediante medidas que impliquen a todo o centro e á comunidade educativa no seu conxunto. Así, incídese nunha mellora do funcionamento dos centros participantes en aspectos como a oferta de



actividades, aspectos organizativos e/ou metodolóxicos e nas relacións co contorno, que posibiliten o éxito escolar. Todo o profesorado implicado, tanto en actividades lectivas como en tarefas de coordinación e/ou participación, recibe formación inicial específica en relación co programa en que participa e seguimento ao longo de todo o curso, realizándose unha sesión de avaliación ao remate do ano académico.



O GOBERNO GALEGO ACHEGARÁ 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DO POLÍGONO DO ACEVEDO DE CERCEDA

- ***A obra consiste nunha liña de media tensión subterránea de 7,5 km de lonxitude desde a subestación de Meirama ata o centro de seccionamento do Alto do Vilar, en Cerceda***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para mellorar a subministración eléctrica ao Polígono do Acevedo. Esta obra consistirá nunha liña de media tensión subterránea de 7,5 km de lonxitude con dobre circuíto subterráneo desde a subestación de Meirama ata o centro de seccionamento do Alto do Vilar, en Cerceda.

A Consellería achegará o 100% do investimento, un total de 1.400.000 euros para contribuír á nova implantación de proxectos empresariais alternativos á explotación mineira mediante a construción dunha liña que incrementa a potencia dispoñible.

A obra subvencionada por Innovación e Industria enmarcarase dentro do “Plan de carbón 106-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras” que ten como obxectivo atenuar o impacto que produce a perda de postos de traballo no sector mineiro do carbón, fomentando a creación de emprego alternativo ao monocultivo do carbón mediante a creación de potenciación de recursos humanos das comarcas mediante a formación, tendo en conta tanto aspectos sociais como territoriais na súa definición.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 700.000 EUROS NA ORGANIZACIÓN PRODUTIVA DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVOS

- ***O obxectivo é aproximar ao tecido produtivo o sistema público de I+D+i, que contará así cunha ferramenta para promocionar e valorizar os resultados de investigación dos grupos que o integran***
- ***Desenvolveranse un mínimo de seis grupos de investigación pertencentes ás universidades galegas e ao CSIC***
- ***Formularase un plan estratéxico de I+D que defina a política de investigación e un plan de comercialización de resultados, que orientará cara ao mercado os resultados da investigación***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Innovación e Industria a asinar un convenio de colaboración coas tres universidades galegas e co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o desenvolvemento do proxecto “Unidades de investigación intensiva”. O obxectivo de dito proxecto é a aproximación ao tecido produtivo do sistema público de I+D+i, que contará así cunha ferramenta para promocionar e valorizar os resultados de investigación dos seus grupos.

Este proxecto enmárcase nos obxectivos e finalidades do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (incite), que conta cun Programa Resultado-Valor cuxo obxectivo é desenvolver accións que contribúan a transferir e outorgar valor ao coñecemento xerado no sistema público, e conta cun financiamento da Consellería de Innovación e Industria de 710.000 euros para o período 2008-2010.

A transferencia de tecnoloxía dos centros públicos de investigación e das universidades estaba tradicionalmente asociada á contratación de servizos externos. Este mecanismo permitiu unha grande interacción entre os investigadores e as empresas, unha confluencia de obxectivos en investigación entre a investigación pública e a empresa e mesmo o enraizamento no sistema público de I+D+i de novas pautas de traballo influenciadas pola cultura empresarial. A notable evolución do estado da investigación en Galicia nos últimos anos posibilitou a existencia de grupos de investigación de excelencia con enorme recoñecemento internacional nas súas áreas de coñecemento e con posibilidades reais de mellorar aspectos vinculados á valorización e comercialización dos seus resultados de investigación.

Neste senso, o desenvolvemento do proxecto de “Unidades de investigación intensiva” usando criterios empresariais, trata de organizar e orientar a devandita investigación cara aos potenciais mercados receptores do coñecemento xerado nos grupos e a obtención de retornos a través da posta en valor e comercialización dos devanditos resultados, sendo a creación de empresas de base tecnolóxica unha opción moi viable. A idea de partida é que os grupos, cando emprendan unha liña de investigación, non o fagan soamente en termos científicos, senón que tamén avalíen as posibilidades de valorización e de transferencia dos resultados de investigación.



Nesta liña, o proxecto “Unidades de investigación intensiva” persegue os seguintes obxectivos: a organización dos grupos de investigación e a análise das posibilidades de comercialización dos seus resultados, a creación dunha carteira destinada á posta en valor e comercialización dos resultados de investigación dos centros públicos de investigación en Galicia, a busca de investidores para a comercialización de tecnoloxías desenvolvidas polos grupos, o desenvolvemento de novas liñas de investigación e a detección de tecnoloxías susceptibles de seren a base dunha empresa de base tecnolóxica.

Seis grupos de investigación

O proxecto desenvolverase nun mínimo de seis grupos de investigación pertencentes ás universidades galegas e ao CSIC, sendo polo menos un de cada unha das institucións que asinan o convenio. Incluirá unha fase de selección dos grupos que reúnan as características de excelencia necesarias para participar nesta acción. Avaliaranse a súa produtividade científica, o potencial comercial e o sistema de financiamento, e analizaranse as estruturas legais existentes para garantir unha política de protección dos resultados axeitada.

Este traballo de avaliación permitirá desenvolver e implantar un sistema organizativo e de xestión que contribúa a optimizar o sistema de traballo do grupo. Establecerase un organigrama do grupo de investigación, un sistema de información e un esquema de coordinación de actividade e de toma de decisións.

Plans de investigación e de comercialización

A partir de aquí, formularanse dous plans para cada grupo. En primeiro lugar elaborárase un plan estratéxico de I+D que defina a política de investigación concretándoa en varias liñas de traballo coa súa carteira de proxectos correspondente. O desenvolvemento deste Plan implica a realización dun estudo exhaustivo de cada unha das liñas de investigación actuais e futuras.

O segundo plan é o de comercialización de resultados, que orientará cara ao mercado os resultados de investigación, seleccionando a fórmula de comercialización máis idónea (licenza de patentes, potenciación de servizos e/ou creación de empresas de base tecnolóxica) e deseñando as estruturas xurídicas necesarias para articular a relación entre o grupo de investigación e os investidores.



A XUNTA MELLORA O APOIO LOXÍSTICO DO DISPOSITIVO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS COA SINATURA DUN ACORDO QUE REGULA CONDICIÓNS DE TRABALLO DE CONDUTORES E MECÁNICOS DO SERVIZO

- ***O acordo coas organizacións sindicais prevé maior dispoñibilidade durante a tempada de alto risco e a organización de quendas de libranza para garantir a presenza física ininterrompida***
- ***Detalla o réxime e prestación de servizos, xornada de traballo, réxime horario en período extraordinario, vacacións, permisos e licenzas, réxime retributivo, reclasificación de categorías e medios materiais para o desenvolvemento do traballo.***
- ***Entre as novidades figura a distribución e achega de material de apoio e aprovisionamento aos participantes en labores de extinción de incendios***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar un acordo coas organizacións sindicais sobre as condicións de traballo do persoal laboral pertencente ás categorías de encargados de equipamentos mecánicos, oficiais 1ª condutores e oficiais mecánicos dos servizos provinciais de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta. Este acordo permite manter durante o período de perigo alto un dispositivo de persoal mecánico e de apoio loxístico ás brigadas durante as 24 horas do día, os 7 días á semana, de forma continuada. Con isto, vaise contribuír a unha mellor atención do servizo de emerxencias contra incendios forestais.

A prestación de servizos dos encargados de equipamentos mecánicos inclúe, entre outras, a coordinación cos distritos forestais de todas as actividades referentes ao mantemento dos vehículos, a coordinación dos traballos nos talleres e velar polo bo uso, mantemento e funcionamento operativo das instalacións do taller para atender calquera emerxencia ao longo de todo o período de alto risco.

Por parte dos oficiais de 1ª condutores a prestación de servizos inclúe o control e mantemento do almacén provincial e dos almacéns de distrito forestal, a distribución dos EPIs e demais roupa de traballo aos membros das brigadas e distribuír e achegar material de apoio e aprovisionamento aos participantes en labores de extinción de incendios. Os condutores encargaranse tamén da coordinación do parque móbil dos distritos forestais e da montaxe e desmontaxe de equipamentos de comunicación móbiles, entre outros.

Os servizos prestados polo persoal a que se refire o acordo serán de reparación e mantemento de vehículos como de calquera máquina ou motor adscrito á Consellería, tanto no taller como fóra del cando se precise, así como a montaxe e desmontaxe de equipamentos de comunicación móbiles.

O período extraordinario de prestación de servizos abranguerá os meses de xullo, agosto e setembro e outro máis, se fose o caso, que determinará a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.



A xornada de garda, que se realizará de luns a sábado, consistirá nunha quenda de 24 horas distribuída entre tempos determinados de presenza física e localizable, mentres que os domingos a xornada de garda será unha xornada de 24 horas localizable. Logo da xornada de garda gozarase de 24 horas consecutivas de descanso.



GALICIA CONTARÁ CUNHA UNIDADE DOCENTE PARA FORMAR ESPECIALISTAS EN MEDICINA DE TRABALLO

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración para a constitución e acreditación desta unidade docente na Comunidade Autónoma***
- ***O acordo será subscrito pola Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e as mutuas Universal, Fremap e Galega***
- ***A formación destes especialistas deberase efectuar polo sistema de residencia***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración para a constitución e acreditación dunha unidade docente na Comunidade Autónoma de Galicia para formar especialistas en medicina de traballo. A Consellería de Sanidade, o Instituto de Saúde Carlos III, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e as Mutuas *Universal, Fremap e Galega*, son as entidades que asinarán este convenio.

O obxecto é a constitución dunha unidade docente multiprofesional de saúde laboral para impartir o programa oficial da especialidade de medicina de traballo polo sistema de residencia, logo de acreditación da unidade polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

O decreto polo que se determinan e clasifican as especialidades en ciencias da saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, relaciona a de medicina de traballo como unha especialidade que se debe realizar polo sistema de residencia.

Dado que a formación destes especialistas se deberá efectuar polo sistema de residencia en unidades docentes de nova creación constituídas en cada comunidade, e nas que o residente terá unha relación laboral retribuída, estas unidades configúranse como unha estrutura formativa ampla.

A subscrición do convenio senta as bases para canalizar as necesarias relacións de colaboración que deben existir entre os dispositivos para a creación e funcionamento da unidade docente, co fin de que o resultado do período formativo sexa un todo compacto e que responda ao perfil profesional do médico especialista en medicina de traballo que demanda a sociedade actual e a saúde dos traballadores.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA TRES ACORDOS EN RELACIÓN COAS TARIFAS E CONDICIÓNS DE FACTURACIÓN DOS CONCERTOS CO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA E O HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA DE VIGO

- ***A Consellería de Sanidade fará un investimento estimado total para estes concertos de máis de 13 millóns de euros***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a tres acordos polos que se autoriza a sinatura de cláusulas adicionais aos concertos establecidos entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, e o Hospital da Cruz Vermella. O Servizo Galego de Saúde fará un investimento, no ano 2008, de 13.247.274 euros no desenvolvemento destes.

No caso do concerto establecido entre Sanidade e o Hospital Cruz Vermella de Vigo fíxanse os conceptos facturables, as tarifas, e os programas de calidade para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2008. O importe total ascende a 1.657.000 euros.

A Cruz Vermella conta cun hospital en Vigo que dispón de acreditación sanitaria e o Servizo Galego de Saúde mantén unha relación con el a través da sinatura de concertos para a prestación de asistencia sociosanitaria dirixida a un tipo de usuarios que requiren dunha organización de coidados de media e longa estada cun marcado compoñente social.

En relación coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, por unha banda, establécense as condicións de facturación dos programas especiais farmacoterapéuticos para o ano 2008. O importe global ascende a 150.674 euros. Estes programas especiais definen os medicamentos autorizados para determinadas indicacións, e os medicamentos das enfermidades de máis baixa frecuencia e alto custo que, precisando dunha estrita supervisión, monitorización e control por persoal sanitarios especializado, deben ser dispensados baixo a supervisión e control da farmacia do centro, aínda que o paciente non estea hospitalizado.

A maiores, o Consello aprobou outro convenio por importe de 11.439.600 euros co Centro Oncolóxico polo que se fixa a distribución do Programa de medicina nuclear, as tarifas do centro para o ano 2008, e a definición de programas de calidade como obxectivos de mellora do proceso asistencial. Os obxectivos son: a mellora da atención ao paciente e usuarios; programas de prevención e control de resultados; a xestión equitativa da actividade asistencial; e a protección radiolóxica do paciente.



O GOBERNO GALEGO E A USC ASINARÁN UN CONVENIO PARA COÑECER O COMPORTAMENTO DUNHA POSIBLE PANDEMIA DE GRIPE E A DIFUSIÓN DAS ENFERMIDADES DE TRANSMISIÓN SEXUAL

- *A Dirección Xeral de Saúde Pública considera que é útil e eficiente dispor dun modelo capaz de reproducir unha posible pandemia de gripe co que poder xulgar a súa evolución e avaliar o impacto das medidas de control*
- *Por outra banda, e para poder desenvolver o Programa de control das infeccións de transmisión sexual, a Consellería de Sanidade precisa saber cales son os parámetros de difusión que actualmente actúan na infección*
- *O departamento que dirixe María José Rubio Vidal investirá para isto un total de 130.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Sanidade a asinar coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio de colaboración a través do que se desenvolverá un modelo co que simular o comportamento dunha posible pandemia de gripe en Galicia e, tamén, para analizar as posibilidades de difusión das enfermidades de transmisión sexual na comunidade autónoma. Sanidade investirá un total de 130.000 euros en dúas anualidades, 85.000 euros para o 2008, e 45.000 para o 2009.

A través desta colaboración, elaborárase un modelo co que simular o comportamento dunha pandemia de gripe en Galicia, que permita modificar as asuncións en que se basea, como se comporta, e avaliar o impacto das medidas de control da dita pandemia.

Así mesmo, estimáranse os parámetros máis relevantes do comportamento sexual na poboación adulta de Galicia, de tal xeito que se poida modelar a difusión das infeccións de transmisión sexual na rede de contactos sexuais de Galicia; e analizar as posibilidades de difusión de tres infeccións, o *virus do Papiloma Humano*, a *Clamidia tracomatis* e a *Neisseria gonorrhoeae*.

Previos coñecementos para estar preparados

A Dirección Xeral de Saúde Pública será a responsable, no caso de se producir unha pandemia de gripe, de analizar o comportamento que en Galicia estea a amosar en cada momento, e de propor medidas de carácter epidemiolóxico para dificultar a súa evolución. Por isto, considera útil e eficiente dispor dun modelo capaz de reproducir unha pandemia, de tal xeito que se poida xulgar a súa evolución, tanto en termos epidemiolóxicos como económicos. Poderíase, igualmente, avaliar o posible impacto que poden ter as diferentes medidas de control, tanto en función da súa extensión como do momento en que serían introducidas.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Saúde Pública está a desenvolver un programa de control das infeccións de transmisión sexual -tal e como recolle o Plan de Saúde de Galicia- que incorpora unha análise das posibilidades de difusión desas infeccións nunha rede de contactos sexuais e coas características da estrutura da rede de contactos no tecido social propias da poboación galega. Para facelo, antes é preciso desenvolver



estudos que permitan estimar o valor dos parámetros que gobernan cada unha das infeccións.

Para elaborar ambos os dous modelos, a Consellería de Sanidade asina este convenio coa universidade, posto que o departamento de Física da materia condensada da Universidade de Santiago de Compostela coñece a modelaxe de fenómenos dinámicos e da súa evolución, como requiren estes dous casos. Ademais, a universidade está interesada en desenvolver unha liña de investigación aplicada á difusión de enfermidades en poboacións humanas.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 520.000 EUROS EN OBRAS HIDRÁULICAS EN VILABOA E COTOBADE (PONTEVEDRA)

- **As obras en Vilaboa consistirán na ampliación da rede de saneamento a parroquias do municipio, cun orzamento de 280.000 euros**
- **A actuación prevista en Cotobade permitirá dotar de abastecemento de auga a varios núcleos do concello e contará cun investimento de 241.000 euros**
- **Ambos proxectos contan cun prazo de execución de seis meses**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá máis de 520.000 euros en obras de saneamento e abastecemento nos concellos pontevedreses de Vilaboa e Cotobade. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e ambos os concellos para a execución destes proxectos hidráulicos.

Medio Ambiente asumirá a totalidade do custo destas actuacións, que consistirán na ampliación da rede de saneamento a parroquias do municipio de Vilaboa, cun orzamento de 280.801 euros, e a dotación de abastecemento de auga a núcleos de Cotobade que carecen deste servizo, cun investimento por parte da consellería de 241.147 euros.

Saneamento en Vilaboa

A ampliación da rede de saneamento no municipio de Vilaboa realizarase mediante a construción de varios tramos de colectores nas parroquias de Santo Adrán e Vilaboa, xunto á enseada de San Simón, ao fondo da ría de Vigo. A ampliación divídese en catro zonas, sen conexión entre elas, que teñen como eixo común a estrada C-550 e a N-554.

Así, un dos treitos é o cruzamento da estrada nacional N-554 de 13 metros de lonxitude, mentres que nos outros tres está previsto acometer unha rede ramificada, composta por tres colectores principais sen conexión entre eles, que verterán en puntos diferentes da rede de augas residuais de Vilaboa, cunha lonxitude de 2.169 metros, en que a auga circulará por gravidade agás nun dos tramos, no que se proxecta á instalación de dous bombeos en puntos baixos da rede.

A obra ten un prazo de execución de seis meses e o investimento previsto é de 280.801 euros.

Abastecemento en Cotobade

As obras que se van executar no concello de Cotobade están encamiñadas á dotación de abastecemento de auga a varios núcleos deste municipio que carecen do servizo. O prazo de execución do proxecto é de seis meses e o orzamento de 241.147 euros.

As actuacións beneficiarán os núcleos de Igrexa Aguasantas, en que se ampliará a tubaxe de abastecemento; A Vilalén e O Pereiral, nos que está previsto construír un depósito de auga de 60 metros cúbicos de capacidade e 1.745 metros de tubo; Caroi-A Grexe, no que se instalarán máis de 3.000 metros de tubaxe; Pozo Negro, onde se



construirá un depósito de 120 metros cúbicos de capacidade e 600 metros de tubaxe, e As Lagoas, onde está proxectado un depósito con capacidade para 60 metros cúbicos cunha rede de 865 metros de tubo.



O GOBERNO GALEGO E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE DESTINARÁN MÁIS DE 38 MILLÓNS DE EUROS A ACTUACIÓNS PARA A CONSERVACIÓN DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA NA REDE NATURA 2000

- *Estas actuacións desenvolveranse mediante un convenio entre as administracións central e autonómica, autorizado hoxe polo Consello*
- *O convenio prevé accións para a restauración de espazos naturais e recuperación de flora e fauna en perigo de extinción, xunto ao fomento da divulgación do hábitat e ecosistemas*
- *As actuacións encamiñadas á divulgación inclúen a construción dos centros de interpretación da Reserva da Biosfera do Eo e do parque de Fragas do Eume, así como dos futuros parques dos Ancares, O Courel, Pena Trevinca e Macizo Central, e a Aldea Ambiental do Xurés*
- *Para a recuperación e protección de especies está prevista a construción do Centro de Mamíferos Mariños en Baiona (Pontevedra) e a Aula do Centro de Natureza de Ribas de Sil, no Courel (Lugo)*
- *O Ministerio de Medio Ambiente achegará 33,1 millóns de euros e a achega da consellería será de 5,2 millóns*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño destinarán máis de 38 millóns de euros a actuacións de conservación e mellora da diversidade biolóxica da Rede Natura 2000. O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio entre a administración central e a autonómica para a execución dunha serie de accións encamiñadas á recuperación de fauna e flora en perigo de extinción e á conservación e restauración dos espazos protexidos que forman parte da Rede Natura.

Así, o convenio prevé a construción de centros de recuperación de fauna e flora ameazada e centros de interpretación na Rede Natura, xunto a outras accións de divulgación e concienciación sobre a diversidade biolóxica, a conservación de espazos naturais, programas para o mantemento da flora e fauna e accións de recuperación de especies en perigo de extinción, entre outras.

Centros de Interpretación e Recuperación

Co obxectivo de conservar os espazos naturais e divulgar a biodiversidade existente na Rede Natura, o convenio inclúe a construción de centros de interpretación na Reserva da Biosfera do Eo e no Parque Natural das Fragas do Eume (A Coruña). Así mesmo, proxectase a construción dos centros de interpretación dos futuros parques dos Ancares e O Courel (Lugo) e de Pena Trevinca e Macizo Central (Ourense), xunto a Aldea Ambiental do Parque Natural do Xurés, en Ourense.

Para contribuír á recuperación da fauna ameazada, o ministerio e a consellería acometerán o proxecto do Centro de Mamíferos Mariños, que estará situado en Baiona (Pontevedra) e a Aula Centro da Natureza de Ribas de Sil, no Courel (Lugo).



Entre as accións destinadas á conservación do hábitat e especies da Rede Natura, está previsto executar a recuperación de turbeiras e zonas húmidas, o desenvolvemento de programas de conservación da biodiversidade, accións de recuperación de especies ameazadas, custodia do territorio, e conservación de corredores ecolóxicos e ecosistemas fluviais e eliminación de especies exóticas invasoras.

Financiamento

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño achegará 33,1 millóns de euros para o desenvolvemento das accións previstas no convenio, mentres que a Consellería de Medio Ambiente realizará unha achega de 5,2 millóns, financiada nun 70% con cargo aos fondos Feder.

A achega de cada unha das partes dividirase en seis anualidades, entre 2008 e 2013, período en que estará en vigor o convenio. Así, o investimento do ministerio será de 1 millón de euros en 2008, e sete millóns cada ano ata o 2013, en que será de 4,1 millóns. Pola súa parte, a consellería achegará 200.000 euros no presente ano, e 1 millón de euros no resto das anualidades.



O CONSELLO AUTORIZA O CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E MARIÑO E A XUNTA PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA, QUE ESTARÁ SITUADO EN OURENSE E AO QUE SE DESTINARÁN 8,5 MILLÓNS DE EUROS

- *O proxecto nace coa vocación de converterse no centro de referencia dos parques naturais de Galicia*
- *O centro estará destinado á difusión e divulgación do coñecemento sobre cada un dos parques existentes*
- *Os cidadáns poderán coñecer nestas instalacións todos os valores, compoñentes naturais, hábitats e ecosistemas presentes nos parques, ademais da súas particularidades xeográficas, climáticas e naturais*
- *O ministerio e a consellería realizarán un investimento conxunto de 8,5 millóns de euros para a construción e equipamento do edificio*
- *O edificio estará situado nas inmediacións do río Miño, en Quintela, nuns terreos cuxa expropiación será aprobada neste mes polo concello*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a construción do Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia, que estará situado en Ourense. O convenio entre o ministerio e a consellería suporá un investimento conxunto de 8,5 millóns de euros.

O Goberno galego dá así un paso máis para a posta en marcha deste centro, que estará orientado á difusión e divulgación do coñecemento sobre a rede de parques naturais galegos entre os cidadáns. O obxectivo da Consellería de Medio Ambiente é que este sexa o centro de referencia dos parques naturais de Galicia, e estará ubicado en Ourense, que é a provincia que conta con maior número de parques, tres dos seis existentes.

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño investirá 7 millóns de euros distribuídos en tres anualidades, entre 2008 e 2010; mentres que o departamento que dirixe Manuel Vázquez investirá 1,5 millóns entre 2008 e 2011, cofinanciados con fondos Feder. A achega da Consellería de Medio Ambiente estará destinada ao equipamento museístico do centro así como á redacción do proxecto para realizar este equipamento, mentres que o achega do ministerio ten por obxecto financiar a construción do edificio.



Divulgación

O Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia estará destinado á difusión e divulgación do coñecemento sobre a rede de parques naturais galegos, constituída na actualidade por:

- Baixa Limia-Serra do Xurés (Ourense)
- Corrubedo (A Coruña)
- Fragas do Eume (A Coruña)
- Enciña da Lastra (Ourense)
- Monte Aloia (Pontevedra)
- Montes do Invernadeiro (Ourense)

A Consellería de Medio Ambiente ten previsto ampliar os parques naturais galegos coa incorporación do Macizo Central e Pena Trevinca (Ourense) e Os Ancares e O Courel (Lugo).

Proxecto

O obxectivo do proxecto é contar cun centro que permita achegar á cidadanía, por vez primeira, todos os valores, compoñentes naturais, diversos hábitats e ecosistemas, especies de flora e fauna, endemismos, rarezas e singularidades de todo tipo que coexisten nestes territorios e toda a información existente sobre os espazos máis senlleiros da natureza galega, como son os parques naturais.

O centro estará situado en Quintela, no contorno do río Miño, nuns terreos cuxa expropiación será aprobada neste mesmo mes polo Concello de Ourense. O proxecto plantexa a construción dun edificio nunha soa planta de 2.180 metros cadrados con outros 800 metros cadrados para aparcadoiro e urbanización, polo que estamos a falar dunha superficie total de intervención de 3.000 metros cadrados.

O edificio disporá de seis salas de interpretación separadas para cada un dos seis parques naturais galegos, ademais de auditorio, tenda verde, oficinas administrativas, garaxe e amplos aparcadoiros e xardíns.

Cada unha das salas dedicadas aos parques naturais servirá tamén para tratar e difundir aspectos singulares e particulares das paisaxes e do medio natural galego, na procura do entendemento pola poboación local de cómo e de que xeito coexisten e interactúan os distintos elementos que compoñen e conforman a natureza galega, a biodiversidade, o funcionamento dos ecosistemas e saber como xorden tantas e tan diferentes paisaxes. E isto é así por canto cada un dos parques naturais ten a súa propia personalidade e singularidades específicas que quedan resumidas nas seguintes temáticas que se desenvolverán no Centro de Interpretación dos Parques Naturais:

- ❖ Na Serra de Enciña da Lastra, como enclave mediterráneo paradigmático en Galicia, o CLIMA e a BIOXEOGRAFÍA



- ❖ Na Serra do Xurés, coas súas paisaxes rochosas e antigos glaciares, amosarase o mundo da XEOMORFOLOXÍA e a pedra
- ❖ Nas Fragas do Eume, o mundo VEXETAL, da flora e dos endemismos botánicos
- ❖ Nos Montes do Invernadeiro, o mundo ANIMAL dos grandes herbívoros e das especies de fauna ameazadas
- ❖ En Corrubedo, o MAR e o LITORAL, na confluencia da terra e o mar, coas súas dinámicas tan particulares
- ❖ En Monte Aloia desenvolveranse os aspectos de USO PÚBLICO, da educación ambiental e a proximidade do home á natureza